

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2017/15	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	5 de outubro de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:41 ata as 21:52 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
<b>Secretario</b>	LUCIA ARTIME ALONSO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ

### Concello da Estrada



35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	SÍ
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	NON
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na Orde do Día.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O 21 DE SETEMBRO DE 2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente celebrada o 21 de setembro de 2017, apróbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente á súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

#### **Expediente 3309/2017. DETERMINACIÓN DAS FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2018**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 19, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Para dar conta deste asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Organización e Persoal, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen comeza dicindo que, ao abeiro do ditaminado polo Consello Económico e Social e Comisión Informativa de Organización, fíxanse como días festivos locais para o ano 2018 os días 26 e 27 de xuño do dito ano.

Pide a palabra a voceira de MÓVETE, **Dña. Mar Blanco**, para aclarar que se vai a abster na votación deste asunto por mor de que na Mesa de Comercio Local non se entendeu o que o seu grupo político e a ACOE querían transmitir, é dicir, que se valorara o fixar como un dos días festivos o Martes de Entroido, o que non foi tido en conta.

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose polos votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e BNG, e a abstención de MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a comunicación do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con entrada no Concello o 18/09/2017 (2017-E-RC-11192), solicitando do Concello proposta sobre as datas dos días festivos locais para o ano 2018.

Atendendo aos costumes e usos propios da Vila no relativo ás súas festas máis sinaladas.

Visto o pronunciamento feito pola Mesa Local de Comercio na súa sesión do 25/09/2017, para que os festivos locais sexan os días 26 e 27 de xuño de 2018.

Visto o pronunciamento feito polo Pleno do Consello Económico Social de data 25/09/2017.

Vista a competencia do Pleno da Corporación para propor á Xunta de Galicia as dúas festas laborais de carácter local, segundo os artigos 45 e 46 do RD 2001/1983.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión do 29/08/2017.

#### **ACORDAMOS:**

**1º.-** Determinar como festivos locais do Concello da Estrada para o ano 2018 os días 26 e 27 de xuño do mesmo ano.

**2º.-** Dease traslado deste Acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Xefatura Territorial de Pontevedra, sede en Vigo).

#### **Expediente 3345/2017. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E DE PROXECTO DEFINITIVO DE EXPROPIACIÓN (REFUNDIDO) DE TERREOS E BENS PARA ACTUACIÓN ILLADA EN SOLO URBANO DE AMPLIACIÓN DOS XARDÍNS DA ALAMEDA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Nominal

A favor: 11, En contra: 2, Abstencións: 7, Ausentes: 0

A favor

ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
AMALIA GOLDAR CORA  
JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS  
JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON  
LUCIA SEOANE ROSENDE  
MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
M<sup>a</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA  
NEMESIO REY PAZOS  
ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

En contra

MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS
Abstencións	ANA MARIA ASOREY BREA BELÉN LOUZAO VIEITES EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ LUIS RENDO ARAUJO MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE ROMAN SUÁREZ PORTO

Toma a palabra o Concelleiro, **D. Alberto Blanco**, para explicar o asunto que se trata neste punto, para elo comeza dicindo que, co obxecto de obter os terreos e bens necesarios incluídos polo Plan Xeral de Ordenación Municipal, en concreto os terreos e bens para zona verde de sistema xeral SX-ZV-P15 e colindantes á alameda municipal, a Comisión Informativa de Urbanismo ditaminou favorablemente a proposta da Alcaldía que recolle os seguintes puntos:

1º.- Estimar/desestimar o obxecto de cada alegación formulada, con fundamento nos datos contemplados na representación gráfica alternativa xeorreferenciada realizada (RGA), e/ou, en función dos criterios técnicos aducidos polo Arquitecto municipal (Sr. Ponte Clares) en sede de cada informe emitido con carácter particular sobre cada unha das presentadas.

2º.- Aprobar o expediente de expropiación con fundamento no documento técnico Texto refundido do proxecto de expropiación de terreos e bens para zona verde de sistema xeral SX-ZV-P15.

3º.- Ordenar a publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia, nun xornal dos de maior circulación da provincia e no Taboleiro Municipal.

4º.- Notificar este acordo aos propietarios dos terreos afectados, para que poidan manifestar ante o órgano correspondente a súa conformidade ou desconformidade.

5º.- Notificar este Acordo ao Rexistro da Propiedade.

6º.- Notificar este Acordo á Xerencia Territorial do Catastro.

Continúa dicindo que todo este procedemento deben inherente a ocupación dos terreos unha vez aprobado.

Intervén a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, para dicir que, a pesares de ser un asunto moi debatido e unha proposta moi interesante, conleva moitas incertidumbres e dúbidas, concretamente porque se trata dunha actuación illada e porque non sabe que tipo de actuacións o grupo de goberno pensa emprender a partires da expropiación (aparcamento soterrado, xardín de pinos, etc.) . Polo que cre que se debería saber o que se pretende facer nesta zona, xa que non se pode esquecer que o Concello está a ofrecer 1.794.635,39 € cando os propietarios están a demandar unha cantidade aproximada a sete millóns de euros, polo que, en caso de que demanden, o xustiprezo pode que cambie, xa que se está a falar dunha diferenza moi importante (50% do orzamento municipal) , e todo elo sen saber o que se pensa facer con eses terreos expropiados.

Continúa preguntando cal sería o custo de oportunidade para o Concello e o que suporía



para nós este gasto, considerando que é unha temeridade emprender esta acción, porque sabe que o grupo de goberno tirará para adiante con este expediente aludindo que tan só é necesario 1.800.000,00 €, a costa de deixar de facer arranxos, asfaltados e renunciando a empregar ese diñeiro para aquilo para o que estaba destinado. Pero o verdadeiro problema xurdirá cando o día de mañá o Concello desperte cunha hipoteca e unha débeda aos propietarios dos terreos expropiados.

Polo manifestado, a Sra. Louzao, estaría encantada de emprender este proxecto, pero sabendo cales son os planes que existen para esta zona e estudando en profundidade o que suporía ese custo de oportunidades para o Concello.

Considera que A Estrada necesita servizos e actuacións moito máis importantes e necesarias que este proxecto de ampliación dos xardíns municipais e do que se descoñece o plan, polo que o seu grupo político non está disposto a apoiar esta proposta, por incompleta e falta de motivación e proxectos futuros.

Toma a palabra a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, trasladando a súa oposición a este proxecto por considerar que non é momento adecuado para facer este gasto, xa que o destinar esa cantidade de case un millón oitocentos euros (sen saber o que suporá a maiores en caso de reclamacións do xustiprezo) cando hai outras actuacións máis necesarias no noso concello, é unha temeridade e irresponsabilidade, considerando, ademais, que non é o momento adecuado para hipotecar as arcas municipais.

Por outra banda, di que se carece dun proxecto que aclare o destino deses terreos expropiados, todo un desacerto político, polo que seu voto vai a ser en contra da adopción do acordo que se propón, pedindo que se faga un proceso aberto e participativo para que os cidadáns poidan manifestar a súa opinión sobre esta actuación, é dicir, que se someta a votación popular esta proposta.

Intervén o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, dicindo que estamos ante un expediente que ten máis incertezas que certezas, incertezas de tipo económico e do proxecto que se pretende a levar a cabo sobre os terreos expropiados. Lembra que o Partido Popular dentro do seu programa electoral incluía a promesa de ampliar a Alameda, polo que ten que cumprila, pero ¿a costa de qué?, porque non se sabe a cantidade que suporá emprender dito proxecto de expropiación, xa que se fan uns cálculos estimados, moi diferentes aos feitos polos propietarios dos terreos, deducindo que estes recorrerán o xustiprezo fixado polo goberno e a cantidade inicial de case 1.800.000,00 € pode duplicarse; polo que se debería valorar o que suporía esta situación para as arcas municipais e, sobre todo, para os veciños/as deste concello. Di que tampouco non podemos esquecer que este expediente supón unha incerteza sobre o proxecto que o grupo de goberno pretende realizar unha vez obtidos os terreos e o custo do mesmo, aspectos que tanto aos veciños/as como os seus representantes políticos desexan e necesitan saber, ademais de saber a que terán que renunciar para emprender ese proxecto, cando son visibles as deficiencias existentes no casco urbano e a necesidade de arranxos urxentes.

Polo tanto e ante todas esas incertezas, o seu grupo político non van a votar a favor desta proposta.



Toma a palabra o **Sr. Alberto Blanco**: Observa que non hai discrepancias por parte dos partidos da oposición con respecto ao proxecto de expropiación, estando todos de acordo co feito de que é unha boa oportunidade para emprendelo, senón que se pon en dúbida o momento en que se fai e os custos. No que se refire ao momento en que se fai, di que estamos suxeitos a un plan xeral, que é o que nos permite esta expropiación, o cal establece os prazos de execución e ao que se está apoiando este grupo de goberno. No relativo ao proxecto que se pretende facer unha vez rematada a expropiación, aclara que non ten obxecto encargar a un arquitecto un proxecto antes de haber conseguido os terreos necesarios, hai que seguir os pasos por orde. No referente ao prezo, aclara que non é o grupo de goberno o que establece os xustiprezos da expropiación, senón que están suxeitos a unha regulamentación e en base aos estudos técnicos realizados polo persoal cualificado deste Concello e, en caso de haber recurso por parte dos propietarios contra estas cantidades, considera que non se trata dun tema de azar, xa que tan so débese establecer a estatística vixente para valorar este tema.

Polo anterior, di que se trata dun tema de oportunidade e que se valorou fai tempo e que a maioría dos estradenses son partidarios de levar a cabo este proxecto, incluso os membros da oposición, porque non observou ningunha negativa a esta proposta no seu contido, tan só a cuestións engadidas á mesma e de cara ao futuro; e, ante isto, considera que a decisión do seu grupo de goberno é acertada, que se segue o procedemento establecido polo Plan Xeral e dentro dos prazos establecidos, ademais de contar coas valoracións efectuadas en base as cuestións técnicas que foron resoltas polos técnicos deste Concello.

**Sra. Belén Louzao**: Di que está de acordo en que non se debe de elaborar un proxecto de execución nos Xardíns municipais antes de resolver o expediente de expropiación dos terreos, sen embargo se é necesario a previsión do que se pensa facer.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** dicindo que considera un grave erro que non se apoio ao grupo de goberno nesta proposta, xa que cre que todos coinciden que se trata dunha oportunidade histórica para adquirir un espazo urbano moi importante e único para ofrecer unha zona verde importante dentro dun plano urbanístico que non se caracteriza precisamente pola súa grandeza. Lembra que o PXOM foi sacado adiante sen o apoio e co freo da oposición, un Plan Xeral no que o seu grupo de goberno loitou para que contemplara unha planificación e estratexia urbanística clara, apostando por acadar todas aquelas promesas feitas no programa electoral, entre elas a ampliación dos xardíns municipais e, con respecto a este punto, di que por suposto que o proxecto está sen definir, porque non se pode traballar neste tema cando aínda non se teñen os terreos necesarios para elo e descoñecendo informacións esenciais como a topografía, tipo de terreo, etc., é máis, non quere nin pensar o que pasaría en caso de que presentaran un proxecto construtivo sen ter expropiados os terreos, indubidablemente os grupos da oposición poñerían o grito no ceo e con razón. Polo tanto é de responsabilidade e coherencia resolver un expediente de expropiación, e a oposición ten que valorar neste momento se a adquisición destes terreos é importante ou non, tendo en conta que fai máis de vinte anos que a sociedade o pedía e desexaba, e o seu grupo de goberno quere cumprir ese desexo e ea promesa electoral, preferindo cumprila a non, a pesares das críticas da oposición; sobre todo porque se trata dunha oportunidade histórica que se valorará moito dentro de vinte



anos, porque non se pode esquecer que se trata dun espazo urbano único.

Continúa aclarando que as valoracións dos terreos a expropiar non foron realizadas polo grupo de goberno, senón por tres arquitectos municipais que elaboraron o proxecto expropiatorio, que pasou por unha exposición pública, por un proceso de alegacións, presentándose catro alegacións por parte dos propietarios dos terreos, pero ningunha polos demais veciños, o que se traduce nunha boa resposta por parte dos estradenses. Di que unha vez rematado este expediente, procederá a elaborar un proxecto de urbanización ou actuación neste espazo de caso catro mil seiscientos metros cadrados se someterá novamente a opinión pública, pero quere facer fincapé en que se trata dunha adquisición de importe valor histórico e patrimonial.

Continúa acusando aos grupos da oposición por non preocuparse por entender os obxectivos do grupo de goberno, encadrados dentro da Estratexia EDUSI e dentro do PXOM, porque o único que fan é criticar e poñer trabas a todos os proxectos que se redactan en aras do beneficio do pobo estradense, e sen sequera estudalos en profundidade, aludido falta de estratexia, iniciativa e de que este goberno actúa improvisando. Pero considera o Sr. Alcalde que gobernar é tomar decisións, e se a oposición gobernara cre que non as tomarían, pero o seu grupo de goberno o ten claro e así están actuando, exemplo de elo é aprobación na última sesión plenaria da cesión da parcela para a construción do novo centro de saúde, unha infraestrutura pola que se leva loitando máis de vinte anos, e agora se pretende alcanzar outro obxectivo polo que tamén se leva loitando moitos anos, a ampliación do xardíns municipais, un proxecto do que se sentirá orgulloso o estradense do futuro, por contar no seu patrimonio cunha peza urbanística der valor incalculable, e ese é o obxectivo da actual corporación.

Por outra banda, non se debe cuestionar as valoracións económicas feitas polos técnicos municipais, xa que eles fixeron os estudos necesarios que establecen os xustiprezos para as expropiacións, e nos que non participou en ningún momento o grupo de goberno, pero ao que dá todo o seu apoio, outra cousa é que no Xurado de Expropiación estableza unha diferenza de valoración, ao abeiro das reclamacións dos interesados; pero si este Concello no futuro ten un goberno responsable terá tamén capacidade suficiente para asumir as diferenzas económicas que poidan xurdir nese caso hipotético. Continúa o Sr. Alcalde desmentido o dito pola Sra. Louzao sobre que este goberno tivo que deixar de facer outras actuacións públicas para asumir este gasto, porque dende o ano 2013 foise destinando unha partida orzamentaria con destino á futura expropiación de terreos e bens destinados ao Plan Xeral e do que os grupos da oposición eran sabedores, e deste xeito ir aforrando para executar a expropiación que se trata neste punto.

Por último, agradece a todos aqueles que participaron neste proxecto: en primeiro lugar aos propietarios que, independentemente das diferenzas de criterio na valoración dos seus terreos, tiveron un comportamento exemplar pola súa participación na tramitación deste expediente, poñendo todo da súa parte para que, dentro da legalidade, este proxecto saíra adiante; en segundo lugar aos técnicos municipais dos departamentos municipais de Urbanismo, Rural e Secretaría, especialmente á dedicación e implicación dos traballadores D. Rogelio A. Carrera Ares, D. Ramón Brea Villaverde, Dna. Lucía Artime Alonso e D. Daniel Órrea Corral.

Finalmente e por considerar que este acordo o día de mañá pasará a formar parte da historia da Estrada, lle gustaría que a votación fora nominativa.



Non habendo máis intervencións procédese á votación de xeito nominal (figurando o sentido do voto de cada concelleiro no encabezamento deste punto da Orde do Día), adoptándose por MAIORÍA o seguinte **ACORDO**:

Vista a actuación illada que se está a levar a cabo en solo urbano, referida á ampliación dos xardíns da Alameda, en virtude de expropiación, mediante taxación conxunta, dos bens e dereitos necesarios para a súa realización (zona verde).

Visto que esta actuación ten por obxecto a obtención dos terreos e bens necesarios incluídos polo Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente dentro do nomeado sistema xeral, en sede dunha actuación directa en solo urbano consolidado, en aras a obter os terreos como dotacionais ao abeiro do dito instrumento de planeamento xeral.

Visto, conseguinte e inicialmente, o documento técnico *Proxecto de expropiación de terreos e bens para zona verde de sistema xeral SX-ZV-P15*, redactado/asinado polo Arquitecto Municipal, D. Manuel Sanmartín Chao, en data 24/03/2015.

Vistos os informes técnicos emitidos ao respecto polo tamén Arquitecto Municipal, D. Enrique Ponte Clares, en datas 26/03/2015 e 19/10/2015.

Visto o informe xurídico emitido polo T.A.X.- Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo, en data 30/03/2015.

Vista a Memoria xustificativa realizada pola Alcaldía-Presidencia en data 17/09/2015, relativa á razón da urxencia/necesidade desta expropiación, para dar así cumprimento ao disposto no art. 11.4 do PXOM.

Vista a Providencia do Sr. Alcalde, de data 21/09/2015.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria Xeral en data 19/10/2015.

Vista a inicial certificación de existencia de crédito retido, emitida/asinada pola Interventora de Fondos municipais, en data 23/10/2015.

Visto o ditame favorable acadado pola Comisión Municipal Informativa de Urbanismo na súa sesión de data 29/10/2015.

Visto o acordo plenario do 05/11/2015, en virtude do que se aprobou inicialmente o *Proxecto de expropiación de terreos e bens para zona verde de sistema xeral SX-ZV-P15*, asinado polo Arquitecto Municipal, D. Manuel Sanmartín Chao, en data 24/03/2015 (por taxación conxunta), coa finalidade de realizar a actuación illada en solo urbano relativa á ampliación dos xardíns da Alameda; se ordeou someter o significado proxecto de expropiación a trámite de información pública (1 mes), en virtude de anuncios a publicar no Diario Oficial de Galicia, nun xornal dos de maior circulación da provincia e no Taboleiro Municipal, para que aquelas persoas que puidesen resultar interesadas formularas as observacións e reclamacións que considerasen convenientes, en particular, no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos; se ordeou notificar o devandito acordo (acompañando a respectiva folla de aprecio e a proposta de fixación dos criterios de valoración ou tasación individual) ás persoas figurantes como titulares de bens e dereitos no expediente de fixación dos criterios de valoración, para que, de ser o caso, formularas as alegacións que tivesen por conveniente no prazo de 1 mes a partires da data da notificación; se solicitou





perante o Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario de A Estrada, a práctica da nota marxinal de incoación do procedemento expropiatorio, por taxación conxunta, nas fincas afectadas polo mesmo que figurasen inscritas, de ser o caso; e, se comunicou o indicado acordo á Xerencia Territorial do Catastro, para coñecemento e efectos residenciados nas fincas coa referencia catastral afectada. A saber:

- 2065407NH4226N0001LX
- 2065406NH4226N0001PX
- 2065402NH4226N0001BX
- 2065403NH4226N0001YX
- 2065404NH4226N0001GX
- 2065405NH4226N0001QX

Vista a publicación do preceptivo anuncio no Diario Oficial de Galicia núm. 224/2015 e na Voz de Galicia, en data 24/11/2015. Igualmente, a súa inserción no Taboleiro municipal de anuncios e editos.

Vistas as respectivas notificacións do significado acordo plenario practicadas ás persoas figurantes como titulares de bens e dereitos no expediente de fixación dos criterios de valoración.

Visto o certificado da Secretaría en funcións, de data 05/01/2016, relativo ao resultado do trámite de información pública, acreditando a presentación de alegacións/suxestións por parte de:

- D. José Manuel Guerra Martínez (DOSEMAS, S.L.)
- D. Manuel Castro Dono e outros
- Dna. María Carmen Pazos González
- D. Ricardo Mora Carnero (en representación de D. Alfredo Benjamín Eduardo Campos Pena e en beneficio da Comunidade de Herdeiros de D. Manuel Campos Paseiro e a súa dona )

Visto que, global e sintéticamente, todas as alegacións versan en torno a 2 núcleos de discrepancia:

- a) superficie, número e características das fincas afectadas (datos).
- b) valoración/taxación do obxecto a expropiar.

Vista así, en primeiro lugar, a alegación formulada en data 04/12/2015 por parte de D. José Manuel Guerra Martínez (DOSEMAS, S.L.), referida á finca catastral 2065405NH4226N0001QX, solicitando, por unha parte, a rectificación municipal do proxecto expropiatorio, debido a que o seu terreo non ten unha superficie de 160,00 m2 tal e como o Concello contempla, toda vez que se dí titular de 2 solares de 200,00 m2 (Cerrada dos Agueiros - finca rexistral núm. 69.417-) e de 123,40 m2 (Agueiros ou Cerrada dos Agueiros - escritura notarial núm. 429/1997, do 19 de decembro), respectivamente, que, globalmente, acadan unha superficie conxunta de 323,40 m2. Por outra banda, rexeita a tasación municipal (50.342,40 euros) debido ás características do seu solar, interesando unha nova valoración acorde, ademais, coa superficie real invocada.

Vista, por unha parte, a discordancia inicialmente subxacente, referida á superficie e características das fincas afectadas, de sorte que non coincidían as súas realidades rexistral, catastral e física, tal e como foi alegado no seu día polas respectivas propiedades.

Visto que, en aras a conquistar a concordancia/coordinación entre os diferentes datos, en datas 25/05/2017 e 02/06/2017, previos os trámites



preceptivos, realizouse pola Oficina Técnica Municipal, asistida pola empresa especializada contratada, CERES, S.L., unha medición/levantamento parcelario/representación gráfica xeorreferenciada alternativa, referida á superficie real afectada (perímetro e propiedades integrantes), en presenza dos diferentes propietarios, que compareceron asistidos polo persoal técnico especializado que consideraron axeitado en aras a contrastar e, de ser o caso, conformar o traballo municipal.

Visto que, froito dese traballo técnico, editouse a correspondente representación gráfica xeorreferenciada alternativa (RGA), que foi obxecto de validación (positiva) por parte da Dirección Xeral do Catastro en data 12/06/2017 (CSV 541EXY56P4CDSY7K).

Visto que, esta representación gráfica foi obxecto de trámite de audiencia concedido por esta Alcaldía ás respectivas propiedades en data 21/06/2017, resultando a inexistencia de alegacións/reclamacións. Na súa consecuencia, en data 17/07/2017, todas as propiedades aprobaron/conformaron expresamente, coa súa sinatura, o significado traballo técnico catastralmente validado, para así continuar co procedemento expropiatorio en curso.

Visto que, a inscrición rexistral da nomeada representación gráfica xeorreferenciada alternativa (RGA) foi solicitada en data 18/07/2017.

Visto que, a operación legal/regulamentariamente implementada (representación gráfica alternativa xeorreferenciada -RGA-) resolveu, definitivamente, a incidencia referida nas alegacións ao número, superficie e lindeiros das diferentes fincas afectadas pola actuación expropiatoria.

E visto, por outra banda, o informe que sobre a dita alegación emitíu o arquitecto municipal (Sr. Ponte Clares) en data 19/09/2017, subliñando no relativo á súa valoración, que debe terse en conta a edificabilidade media do ámbito espacial homoxéneo, á que se lle aplican os prezos medios de mercado obtidos dun detallado estudo local. Consecuentemente, realizou/motivou pericialmente unha revisión dos valores empregados no proxecto expropiatorio inicialmente aprobado froito do resultado do conxunto das alegacións presentadas, introducindo as modificacións oportunas no mesmo, de xeito que a valoración/indemnización expropiatoria total referida a esta finca (incluído o premio de afección) ascende a 123.176,94 euros:

- VS+VC..... ---
- VS..... 116.659,20
- V ELEMENTOS..... 652,17
- XUSTO PREZO..... 117.311,37
- PREMIO AFECCIÓN 5%..... 5.865,57
- INDEMNIZACIÓN EXPROPIATORIA 2065405NH4226N0001QX.... 123.176,94

Vista, en segundo lugar, a alegación formulada en data 16/12/2015 por parte de D. Manuel Castro Dono e outros, referida á finca catastral 2065404NH4226N0001GX, rexeitando, por unha parte, a tasación municipal (297.649,44 euros) por parecerlle irrisoria, e solicitando 809.204,00 euros como valor verdadeiro do seu terreo, ao seu xuízo. E, por outra banda, indicando que a superficie do terreo non é de 946,00 m<sup>2</sup>, toda vez que 140,63 m<sup>2</sup> foron vendidos no seu día por un familiar a Dosemas, S.L..

## Concello da Estrada



Vista, por unha parte que, a significada operación legal/regulamentariamente implementada (representación gráfica alternativa xeorreferenciada -RGA-) resolveu, definitivamente, a incidencia referida nas alegacións ao número, superficie e lindeiros das diferentes fincas afectadas pola actuación expropiatoria, tal e como se subliñou parágrafos atrás.

E visto, por outra banda, o informe que sobre esa alegación emitíu o arquitecto municipal (Sr. Ponte Clares) en data 19/09/2017, subliñando no relativo á súa valoración, que o alegante non xustificou o cálculo do valor que reclamou (fixou un prezo a tanto alzado para a súa propiedade), polo que descoñece a súa metodoloxía estimativa; razón, pola que non é aceptable a validez dunha estimación carente de fundamento. Engadíu que, debe terse en conta a edificabilidade media do ámbito espacial homoxéneo, á que se lle aplican os prezos medios de mercado obtidos dun detallado estudo local. Consecuentemente, realizou/motivou pericialmente unha revisión dos valores empregados no proxecto expropiatorio inicialmente aprobado froito do resultado do conxunto das alegacións presentadas, introducindo as modificacións oportunas no mesmo, de xeito que a valoración/indemnización expropiatoria total referida a esta finca (incluído o premio de afección) ascende a 308.674,78 euros:

- VS+VC..... 154.245,22
- VS..... 293.543,71
- V ELEMENTOS..... 432,27
- XUSTO PREZO..... 293.975,98
- PREMIO AFECCIÓN 5%..... 14.698,80
- INDEMNIZACIÓN EXPROPIATORIA 2065404NH4226N0001GX..... 308.674,78

Vista, en terceiro lugar, a alegación formulada en data 18/12/2015 por parte de Dna. María Carmen Pazos González, referida á finca catastral 2065403NH4226N0001YX, rexeitando a tasación municipal (104.145,84 euros) e solicitando 232.130,30 euros máis o premio de afección, con fundamento no informe pericial contradictorio asinado polo arquitecto técnico, D. Manuel Gamallo Varela, de data 17/12/2015.

Vista, por unha parte que, a indicada operación legal/regulamentariamente implementada (representación gráfica alternativa xeorreferenciada -RGA-) resolveu, definitivamente, a incidencia referida nas alegacións ao número, superficie e lindeiros das diferentes fincas afectadas pola actuación expropiatoria, tal e como se subliñou parágrafos atrás.

E visto, por outra banda, o informe que sobre a dita alegación emitíu o arquitecto municipal (Sr. Ponte Clares) en data 19/09/2017, subliñando no relativo á súa valoración, que o alegante non xustificou correctamente o estudo de mercado realizado nin o cálculo das edificabilidades medias, aínda que acepta o seu criterio. Xa que logo, tense en conta a edificabilidade media do ámbito espacial homoxéneo, á que se lle aplican os prezos medios de mercado obtidos dun detallado estudo local. Consecuentemente, realizou/motivou pericialmente unha revisión dos valores empregados no proxecto expropiatorio inicialmente aprobado froito do resultado do conxunto das alegacións presentadas, introducindo as modificacións oportunas no mesmo, de xeito que a valoración/indemnización expropiatoria total referida a esta finca (incluído o premio de afección) ascende a 125.473,20 euros:

---

### Concello da Estrada

- VS+VC..... 104.974,48
- VS..... 119.429,86
- V ELEMENTOS..... 68,43
- XUSTO PREZO..... 119.498,29
- PREMIO AFECCIÓN 5%..... 5.974,91
- INDEMNIZACIÓN EXPROPIATORIA 2065403NH4226N0001YX..... 125.473,20

Vista, en cuarto lugar, a alegación formulada en data 21/12/2015 por parte de D. Ricardo Mora Carnero (en representación de D. Alfredo Benjamín Eduardo Campos Pena e en beneficio da Comunidade de Herdeiros de D. Manuel Campos Paseiro e a súa dona), referida ás fincas catastrais 2065407NH4226N0001LX, 2065406NH4226N0001PX e 2065402NH4226N0001BX, rexeitando a tasación municipal (395.422,78 euros; 434.206,18 euros; e, 240.018,00 euros, respectivamente) e solicitando conxuntamente 5.235.405,83 euros máis o premio de afección, con fundamento no informe pericial contraditorio asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos- urbanista, D. Juan Rico Lenza (visado en data 21/07/2015).

Vista, por unha parte que, a reseñada operación legal/regulamentariamente implementada (representación gráfica alternativa xeorreferenciada -RGA-) resolveu, definitivamente, a incidencia referida nas alegacións ao número, superficie e lindeiros das diferentes fincas afectadas pola actuación expropiatoria, tal e como se subliñou parágrafos atrás.

E visto, por outra banda, o informe que sobre esta alegación emitíu o arquitecto municipal (Sr. Ponte Clares) en data 19/09/2017, subliñando no relativo á súa valoración, que non é estimable a reclamada, toda vez que, debe terse en conta a edificabilidade media do ámbito espacial homoxéneo, á que se lle aplican os prezos medios de mercado obtidos dun detallado estudo local (o alegante non tivo en conta mazás completas, senón unicamente as fronteiras desas mazás, de maior altura edificable). Por outra banda, engadíu que, a valoración reclamada tampouco respectó o art. 37.2 TRLSRU (o criterio empregado suma ao valor do solo calculado polo método residual estático, o custo das edificacións, de xeito que suma 2 veces á valoración o valor das edificacións).

Conseguentemente, realizou/motivou pericialmente unha revisión dos valores empregados no proxecto expropiatorio inicialmente aprobado froito do resultado do conxunto das alegacións presentadas, introducindo as modificacións oportunas no mesmo, de xeito que a valoración/indemnización expropiatoria total referida a esta finca (incluído o premio de afección) ascende a 1.237.310,47 euros:

- VS+VC..... 489.148,14
- VS..... 1.173.372,82
- V ELEMENTOS..... 5.018,10
- XUSTO PREZO..... 1.178.390,92
- PREMIO AFECCIÓN 5%..... 58.919,55
- INDEMNIZACIÓN EXPROPIATORIA: 2065407NH4226N0001LX  
2065406NH4226N0001PX  
2065402NH4226N0001BX..... 1.237.310,47

Visto o informe xurídico do T.A.X.- Servizo Xurídico de Urbanismo, de

data 20/09/2017.

Visto que, tal e como se sinalou nos informes obrantes no expediente e se xustificou no propio Proxecto de Expropiación inicialmente aprobado, as actuacións do expediente expropiatorio deben entenderse coa propiedade da cousa ou titular do dereito obxecto da expropiación, que, salvo proba en contrario, será quen así conste nos rexistros públicos que produzan presunción de titularidade (só xudicialmente destruíble), ou, no seu defecto, quen apareza can tal carácter nos rexistros fiscais, ou finalmente, quen o sexa pública e notoriamente.

Visto que, a tantas veces indicada operación legal/regulamentariamente implementada (representación gráfica alternativa xeorreferenciada -RGA-) resolveu definitivamente a incidencia referida nas alegacións ao número, superficie e lindeiros das diferentes fincas afectadas pola actuación expropiatoria. Así, o detalle da superficie particular e sumatorio das fincas obxecto da RGA/recinto obxecto da expropiación, queda do seguinte xeito:

- Fincas 2065407NH4226N0001LX, 2065406NH4226N0001PX e 2065402NH4226N0001BX, cunha superficie total de 3.218,00 m2 e propiedade de Herdeiros de D. Manuel Campos Paseiro.
- Finca 2065403NH4226N0001YX, cunha superficie de 328,00 m2 e propiedade de Herdeiros de Dna. M. Hortensia González Cao.
- Finca 2065404NH4226N0001GX, cunha superficie de 805,00 m2 e propiedade de Herdeiros de D. José Castro Bouzón.
- Finca 2065405NH4226N0001QX, cunha superficie de 320,00 m2 e propiedade de DOSEMAS, S.L.
- FACENDO UN TOTAL DE SUPERFICIE (suma de todas as fincas anteriores): 4.671,00 m2

Visto o documento técnico *Texto refundido do proxecto de expropiación de terreos e bens para zona verde de sistema xeral SX-ZV-P15*, asinado en data 19/09/2017 por parte do arquitecto municipal (Sr. Ponte Clares), froito da realización da representación gráfica alternativa xeorreferenciada así como da análise de cada unha das alegacións presentadas en tempo e forma (realizou/motivou pericialmente unha revisión dos valores empregados no proxecto expropiatorio inicialmente aprobado, froito do resultado do conxunto das alegacións presentadas e analizadas, introducindo as modificacións oportunas no mesmo).

Visto o informe-proposta da Secretaría Xeral de 25/09/2017.

Visto o informe emitido con data 26/09/2017 pola Intervención municipal.

Visto o documento contable RC nº 2017001475.

Visto o artigo 3.4 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aprobou o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo en sesión do 29/09/2017

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Estimar/desestimar o obxecto de cada alegación formulada, con fundamento nos datos contemplados na representación gráfica alternativa xeorreferenciada realizada (RGA), e/ou, en función dos criterios técnicos aducidos polo Arquitecto municipal (Sr. Ponte Clares) en sede de cada informe emitido con



carácter particular sobre cada unha das presentadas, do que a súa copia se notificará a cada interesado/a acompañado de copia do *Texto Refundido* do proxecto expropiatorio definitivamente aprobado que inclúe as respectivas novas follas de xusto prezo resultantes), para mellor comprensión/motivación do presente acordo (dada a extensión de cada informe técnico), coñecemento e efectos.

Xa que logo e, particularmente:

a) Estímase, parcialmente, a alegación formulada por parte de D. José Manuel Guerra Martínez (DOSEMAS, S.L.), referida á finca catastral 2065405NH4226N0001QX, no relativo ás discrepancias aducidas en torno á superficie e características da finca; discrepancias, resoltas/superadas definitivamente mediante a realización da representación gráfica alternativa xeorreferenciada (RGA) nos termos indicados.

E, desestímase en materia de taxación, debido a que se ten en conta a edificabilidade media do ámbito espacial homoxéneo, á que se lle aplican os prezos medios de mercado obtidos dun detallado estudo local.

Non obstante, apróbase a nova valoración/indemnización expropiatoria total (incluído o premio de afección) calculada e asinada para a dita finca polo arquitecto municipal Sr. Ponte Clares), que ascende a 123.176,94 euros:

- VS+VC..... ---
- VS..... 116.659,20
- V ELEMENTOS..... 652,17
- XUSTO PREZO..... 117.311,37
- PREMIO AFECCIÓN 5%..... 5.865,57
- INDEMNIZACIÓN EXPROPIATORIA 2065405NH4226N0001QX..... 123.176,94

b) Estímase, parcialmente, a alegación formulada por parte de D. Manuel Castro Dono e outros, referida á finca catastral 2065404NH4226N0001GX, no relativo ás discrepancias aducidas en torno á superficie e características da finca; discrepancias, resoltas/superadas definitivamente mediante a realización da representación gráfica alternativa xeorreferenciada (RGA) nos termos indicados.

E, desestímase en materia de taxación, debido a que o alegante non xustificou o cálculo do valor que reclamou (fixou un prezo a tanto alzado para a súa propiedade), polo que se descoñece a súa metodoloxía estimativa; razón, pola que non é aceptable a validez dunha estimación carente de fundamento. Xa que logo, tense en conta a edificabilidade media do ámbito espacial homoxéneo, á que se lle aplican os prezos medios de mercado obtidos dun detallado estudo local.

Non obstante, apróbase a nova valoración/indemnización expropiatoria total (incluído o premio de afección) calculada e asinada para a dita finca polo arquitecto municipal (Sr. Ponte Clares), que ascende a 308.674,78 euros:

- VS+VC..... 154.245,22
- VS..... 293.543,71
- V ELEMENTOS..... 432,27
- XUSTO PREZO..... 293.975,98
- PREMIO AFECCIÓN 5%..... 14.698,80
- INDEMNIZACIÓN EXPROPIATORIA 2065404NH4226N0001GX..... 308.674,78



c) desestímase a alegación formulada por parte de Dna. María Carmen Pazos González, referida á finca catastral 2065403NH4226N0001YX, debido a que a alegante non xustificou correctamente o estudo de mercado realizado nin o cálculo das edificabilidades medias, aínda que é aceptable o seu criterio. Xa que logo, tense en conta a edificabilidade media do ámbito espacial homoxéneo, á que se lle aplican os prezos medios de mercado obtidos dun detallado estudo local.

Non obstante, apróbase a nova valoración/indemnización expropiatoria total (incluído o premio de afección) calculada e asinada para a dita finca polo arquitecto municipal (Sr. Ponte Clares), que ascende a 125.473,20 euros:

- VS+VC..... 104.974,48
- VS..... 119.429,86
- V ELEMENTOS..... 68,43
- XUSTO PREZO..... 119.498,29
- PREMIO AFECCIÓN 5%..... 5.974,91
- INDEMNIZACIÓN EXPROPIATORIA 2065403NH4226N0001YX..... 125.473,20

d) estímase, parcialmente, a alegación formulada por parte de D. Ricardo Mora Carnero (en representación de D. Alfredo Benjamín Eduardo Campos Pena e en beneficio da Comunidade de Herdeiros de D. Manuel Campos Paseiro e a súa dona), referida ás fincas catastrais 2065407NH4226N0001LX, 2065406NH4226N0001PX e 2065402NH4226N0001BX, no relativo ás discrepancias aducidas en torno á superficie, número e características das fincas; discrepancias, resoltas/superadas definitivamente mediante a realización da representación gráfica alternativa xeorreferenciada (RGA) nos termos indicados.

E, desestímase en materia de taxación toda vez que, sintéticamente, debe terse en conta a edificabilidade media do ámbito espacial homoxéneo, á que se lle aplican os prezos medios de mercado obtidos dun detallado estudo local o alegante non tivo en conta mazás completas, senón unicamente as fronteiras desas mazás, de maior altura edificable). Por outra banda, a valoración reclamada tampouco respectó o art. 37.2 TRLSRU (o criterio empregado suma ao valor do solo calculado polo método residual estático, o custo das edificacións, de xeito que suma 2 veces á valoración o valor das edificacións). O solo táxase segundo a súa situación e con independencia da causa da valoración e do instrumento legal que a motive, diferenciándose segundo estea edificado ou en curso de edificación lícita, ou sen edificación ou con edificación ilícita ou en ruína.

Non obstante, apróbase a nova valoración/indemnización expropiatoria total (incluído o premio de afección) calculada e asinada polo arquitecto municipal (Sr. Ponte Clares), que ascende, globalmente considerada como unha sóa finca, a 1.237.310,47 euros:

- VS+VC..... 489.148,14
- VS..... 1.173.372,82
- V ELEMENTOS..... 5.018,10
- XUSTO PREZO..... 1.178.390,92
- PREMIO AFECCIÓN 5%..... 58.919,55
- INDEMNIZACIÓN EXPROPIATORIA: 2065407NH4226N0001LX  
2065406NH4226N0001PX  
2065402NH4226N0001BX..... 1.237.310,47

## Concello da Estrada

**Segundo.-** Aprobar o expediente de expropiación con fundamento no documento técnico *Texto refundido do proxecto de expropiación de terreos e bens para zona verde de sistema xeral SX-ZV-P15*, elaborado en data 19/09/2017 por parte do arquitecto municipal (Sr. Ponte Clares), froito, por unha parte, da análise particular e conxunto das alegacións presentadas en tempo e forma, e, por outra banda, da representación gráfica alternativa xeorreferenciada realizada (que tamén se aproba/ratifica, logo de ser validada pola Dirección Xeral do Catastro e solicitada a súa inscrición rexistral).

Este *Texto Refundido*, que tamén é obxecto de aprobación definitiva, contempla os cambios procedentes respecto do aprobado inicialmente en data 05/11/2015.

A presente aprobación do expediente de tasación conxunta implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados:

- FINCAS CATASTRAIS 2065407NH4226N0001LX, 2065406NH4226N0001PX e 2065402NH4226N0001BX, cunha indemnización expropiatoria de 1.237.310,47 euros.
- FINCA CATASTRAL 2065403NH4226N0001YX, cunha indemnización expropiatoria de 125.473,20 euros.
- FINCA CATASTRAL 2065404NH4226N0001GX, cunha indemnización expropiatoria de 308.674,78 euros.
- FINCA CATASTRAL 2065405NH4226N0001QX, cunha indemnización expropiatoria de 123.176,94 euros.
- TOTAL GLOBAL: 4.671,00 M2 = 1.794.635,39 euros.

**Terceiro.-** Ordear a publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia, nun xornal dos de maior circulación da provincia e no Taboleiro Municipal.

**Cuarto.-** Notificar este acordo, acompañado da documentación/información técnica municipal que o fundamenta (os respectivos informes técnicos particulares emitidos sobre cada alegación presentada, e o indicado documento refundido -que inclúe as respectivas novas follas de xusto prezo resultantes-), ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos que se relacionan de seguido para que, no prazo de 20 días, poidan, no seu caso, manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.

Nese caso, trasladaríase o expediente e a folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia para que fixase o xusto prezo.

De non formular oposición á valoración no devandito prazo, presumiríase aceptada a que se fixa no acto/acordo aprobatorio do expediente, de xeito que o xusto prezo se entendería definitivamente determinado e de conformidade:

2065407NH4226N0001LX:

Herdeiros de D. Manuel Campos Paseiro, con enderezo fiscal na Avda. Benito Vigo, 81 - A Estrada.

Dna. María Celina Campos Pena, con enderezo na Avda. Benito Vigo, 81 - A Estrada.

D. Alejandro Bastida Campos, con enderezo na Avda. Benito Vigo, 81 - A Estrada.

\* Notificacións municipais a D. Ricardo Mora Carnero ( Sureiros, núm. 7 36.684, A





Estrada )

2065406NH4226N0001PX:

Herdeiros de D. Manuel Campos Paseiro, con enderezo fiscal na Avda. Benito Vigo, 81 - A Estrada.

\* Notificacións municipais a D. Ricardo Mora Carnero ( Sureiros, núm. 7 36.684, A Estrada )

2065402NH4226N0001BX:

Herdeiros de D. Manuel Campos Paseiro, con enderezo fiscal na Avda. Benito Vigo, 81 - A Estrada.

\* Notificacións municipais a D. Ricardo Mora Carnero ( Sureiros, núm. 7 36.684, A Estrada )

2065403NH4226N0001YX:

Dna. María Carmen Pazos González ( Herdeiros de Dna. María Hortensia González Cao ), con enderezo fiscal na R/ Río Mandeo, 3, andar 2º, porta D, A Barcala, Cambre (A Coruña).

2065404NH4226N0001GX:

Herdeiros de D. José Castro Bouzón, con enderezo fiscal na R/ Alexandre Bóveda, 22 - A Estrada ( D. Manuel Castro Dono, veciño de Rúa/ Covadonga, núm. 1 - 2º A, 36.600 Vilagarcía de Arousa ).

2065405NH4226N0001QX:

DOSEMAS, S.L. ( D. José Manuel Guerra Martínez ), con enderezo fiscal na Avda. Benito Vigo, 66, B - A Estrada.

**Quinto.-** Comunicar este acordo ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario de A Estrada, para coñecemento e efectos.

**Sexto.-** Comunicar este acordo á Xerencia Territorial do Catastro, para coñecemento e efectos residenciados nas fincas coa referencia catastral reseñada.

**Expediente 3686/2017. .DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN QUE SE SUBMINISTRA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA A TRAVÉS DA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACIÓN FINANCEIRA COAS ENTIDADES LOCAIS (OVEELL)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 02/10/2017, en relación cos asuntos que se detallan de seguido.

Vista a documentación contida neste expediente.

Visto o contemplado na Orde HAP/2015/2012 que desenvolve as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Visto que se considera necesario que dende a Intervención municipal, e en aras a unha maior transparencia, se dea conta ao Pleno da Corporación da información que se subministra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais (OVEELL).

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



DÁSE CONTA nesta sesión plenaria da seguinte documentación:

**1º.-** Comunicación de Rendición da información en tempo e forma na OVEELL do 2º trimestre 2017 do PMP .

**2º.-** Informe de avaliación de cumprimento dos obxetivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, con motivo da rendición da execución do 2º trimestre 2017

**3º.-** Informe de morosidade, así como do período medio de pago (PMP) do 2º trimestre 2017.

**4º.-** Comunicación de Rendición da información en tempo e forma na OVEELL de “líneas fundamentais orzamentarias 2017-2018 de Entidades Locales”

### FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar ao apartado de Actividade de Control e ante a pregunta por parte do Sr. Presidente desta sesión sobre se hai asuntos para levar fóra da Orde do Día, pide a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, **Sr. Magariños Maceiras**, que pasa a expoñer que, con motivo do expediente actualmente en exposición pública sobre o Proxecto de Explotación mineira “San Rafael nº 2946” a executar no concello veciño de Vedra - Touro, considera necesario que o noso Concello faga as alegacións oportunas para que realice un estudo sobre o impacto que suporía este proxecto nas augas do Río Ulla e no seu entorno natural, motivando a urxencia deste asunto en que agora este proxecto está en exposición pública a efectos de alegacións.

Transmite aos presente o **Sr. Alcalde** que recibiu nestes días chamadas dos Concellos que están afectados por este tema, considerando que aprobar a urxencia desta moción cando hai tempo para resolver calquera tipo de incidencia ou cuestión que se poida facer sen necesidade dun acordo plenario, xa que un previo informe técnico na fase inicial do expediente sería suficiente para resolver este problema, sendo este o procedemento idóneo que se debería seguir, sobre todo cando este proxecto está en período de exposición pública. Polo dito, pide ao Sr. Magariños que retire esta moción e que sexa tratada na Comisión Informativa que corresponda, contando coa presenza na mesma dos técnicos competentes para que emitan a súa opinión e, a partires de aí, posicionarse como concello contando coa información necesaria e de forma axeitada. Todo isto non quere dicir que o grupo de goberno non se sume ao contido desta moción, tan só que debe facerse do xeito máis apropiado e legal posible, baseándose en informes técnicos e presentando alegación ao proxecto dentro da fase de exposición pública.

O **Sr. Magariños** aclara que iso é precisamente o que solicita na súa moción, é dicir, que se emitan os informes técnicos oportunos que establezan o impacto medio ambiental desa explotación mineira no río Ulla e no seu entorno, de feito o que se propón na devandita moción é:

- Que o concello realice un estudo onde se analice o impacto sobre as augas do Río Ulla producido pola explotación mineira “San Rafael nº 2946”.
- Que se formulen as alegacións precisas para garantir que o entorno natural non se vai ver afectado ao igual que as persoas.
- Instar ao Goberno Galego a que nas concesión sobre este tipo de industrias se prime a conservación do medio natural e a seguridade e saúde das persoas.

Continúa dicindo que non se opón a que se retire esta moción, pero coa



condición que se convoque a Comisión Informativa que corresponda con urxencia, xa que o prazo de alegacións ao proxecto de explotación mineira comezou o 25 de agosto, polo que non debe faltar moito para o seu remate.

A **Sra. Belén Louzao** intervéñ para transmitir o apoio do seu grupo político a esta moción polo sentido do acordo que propón, é dicir, que o que se pide é que os técnicos municipais fagan un estudo sobre o impacto medio ambiental dese proxecto, nada máis, pero si o voceiro do BNG acepta que a súa moción non se trate nesta sesión, entón non ten nada que alegar, salvo que é un asunto importante que se debe de tratar o máis pronto posible ao igual que noutras casos parecidos, e non se deixe pasar o prazo establecido para facer as alegacións que procedan. Por último, ofrece o seu apoio e colaboración para traballar neste asunto.

O **Sr Alcalde** di que comparte o manifestado anteriormente, pero reitera o dito na anterior intervención, comprometéndose a efectuar a alegación dentro de tempo en forma.

Finalmente, co compromiso de convocar a Comisión Informativa correspondente o máis antes posible e iniciando expediente co informe que sexa emitido polo técnico municipal en relación a este tema, decídese non tratar esta moción na presente sesión.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO MES DE SETEMBRO DE 2017.

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 29 de setembro de 2017 (ambos os dous incluídos), dende o nº 2017-935 ao nº 2017-1086 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**ABANDONA NESTE MOMENTO A SESIÓN O CONCELLEIRO D. JUAN M. CONSTENLA CARBÓN.**

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Inicia o turno de rogos e preguntas a a voceira do Partido Socialista, **Dña. Belén Louzao Vieites**, pregunta o estado en que están as infraestruturas do rural, amosando varias fotos de buracos existentes en varias pistas da parroquia de Ribela, solicitando que sexan reparadas ditos viais.

En segundo lugar, traslada a decepción dos veciños da parroquia de Guimarei polo abandono do mantemento das súas pistas, ao mesmo tempo que lle pide ao grupo de goberno para que abandone esa política de desatención ao rural que están levando a cabo, sobre todo cando os veciños/as do rural pagan os seus



impostos e teñen dereito a que sexan atendidas as súas necesidades

Reitera a solicitude de que sexa arranxada a cúpula da Casa do Concello así como a instalación do pararraios, sobre todo tendo en conta que comeza o inverno e con el o período de choivas e tormentas e despois de case nove meses dende que foi a tormenta que produciu os desperfectos actuais e sabendo o perigo que supón para os traballadores e veciños/as o que non se arranxe o máis pronto posible.

Resposta o **Sr Alcalde**, no relativo ao tema dos asfaltados, que a día de hoxe dispóñense de case un millón douscentos mil euros para acometer un proxecto de asfaltados repartidos en diversos fases de licitación, procedentes de fondos FEDER, PDR, Plan Concellos da Deputación e tamén de fondos propios. Explica que a lentitude na acometida das obras débense a que moitos deses expedientes tiñan que contar de informes sectoriais; pero a día de hoxe xa está en marcha un proxecto de asfaltados por importe de 500.000,00 €, de feito está enviado o anuncio ao BOP para a súa licitación como procedemento aberto; por outro lado, hai outro proxecto de 150.000,00 € e outro de 240.000,00 € dos que chegaron hoxe os informes sectoriais, pasándose o expediente a Secretaría para incorporar os Pregos correspondentes e comezar coa tramitación para as súas licitacións mediante procedemento negociado sen publicidade, esperando que para a próxima semana se poidan enviar as invitacións ás empresas. Finalmente quedaría outro proxecto máis de 150.000,00 € que actualmente está pendente de informe de Patrimonio para iniciar licitación.

Por outra banda comunica que polos técnicos municipais están a elaborar outro proxecto de pavimentación de vías rurais para o ano que ven e que supón cinco millóns de euros de inversión directa. Ao anterior di que hai que engadir un remanente de tesourería de 350.000,00 € para a reparación de viais do caso urbano.

No relativo á reparación da cúpula e pararraios da Casa do Concello, o Sr. Alcalde di que o expediente da obra estaba pendente do informe de Patrimonio, o cal foi recibido no pasado mes de setembro con carácter favorable, sen embargo o prazo para aplicar as baixas do Plan de Concellos 2015 rematou o 30 de setembro último, baixas que supoñían 68.000,00 € e que se reparten con 40.000,00 € para o arranxo da cúpula e pararraios e os 22.000,00 € restantes para financiar o proxecto de "Actuación da Praza da Música" (cofinanciado coa Deputación Provincial); pero fai poucos días chegou a resolución pola que se aproba a utilización das ditas baixas do Plan Concello para o solicitado, e agora o expediente está en marcha (neste momento pendente da Intervención municipal) e espera que pronto se poda iniciar a licitación e pronta execución das obras de reparación da cúpula así como do pararraios.

Toma a palabra a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para emitir os seguintes rogos e preguntas:

- Que se arranxe a fonte dos Xardíns municipais, porque está a perder auga.
- Transmite a preocupación de varias persoas sobre os cables soltos na fachada traseira do Casa do Concello e que supoñen un risco para os nenos/as que xogan pola zona.
- Informa da existencia dun vertedoiro incontrolado de lixo sito a 700 metros do Punto Limpo, no cruce de Ferreiros, polo que debería ser retirado e limpado.
- Reitera un rogo feito fai, máis o menos un ano, para que se faga extensible ao rural a fibra óptica, sobre todo tendo en conta o manifestado pola Comisión Europea para que todos o territorios da unión dispoñan de conexión a internet, polo que considera que Telefónica ou as empresas subcontratadas por estas estarían obrigadas a estender este servizo ao rural estradense. Polo dito, considera interesante que por parte do Concello se contactara con Telefónica para que non se



esquecera do noso rural.

- Traslada da alerta emitida polos camiñantes da “ruta do colesterol” sobre a existencia na Avda de Pontevedra, á altura do cuartel da Garda Civil, dunha baradilla rota, ademais dalgunhas lousas solas na beirarrúa, pregando que se subsanen estes desperfectos.

O **Sr. Alcalde** di que enviará unha brigada municipal para que revisen e arranxen esas deficiencias da Avda de Pontevedra e os cables da parte traseira da Casa do Concello.

En relación á fibra óptica para o rural, informa que se ten prevista e fixada unha reunión con responsables de Telefónica en Galicia o próximo martes ás 09:00 horas. Aclara que as compañías eléctricas non teñen a obriga de levar estes servizos ao rural, sendo o Estado ou as Comunidades Autónomas os que terán que sufragar os respectivos gastos; a este respecto o Ministerio e as Comunidades Autónomas están a elaborar un plan para que naquelas comunidades onde hai máis dispersión (Galicia) poida haber unha aportación de fondos extras para que as compañías poidan facer esa actuación. Continúa dicindo que a dispersión xeográfica é un mal inimigo para este tipo de servizos e A Estrada a que máis, de feito o noso concello non estaba dentro do obxectivo estratéxico de implantación de fibra óptica por parte de telefónica, así que este goberno fixo a xestión necesaria para que A Estrada tivera ese servizo, negociando con Telefónica para que no ano 2017, por medio dunha actuación exprés por parte da responsable de Telefónica en Galicia, mobilizara a cantidade de un millón de euros para acometer a actuación no noso municipio no caso urbano nada máis, esperando que se nos facilite un plano do despregue final que se vai a acometer nesta fase; ademais, se está facer acometida da rede troncal nalgúns lugares do rural (Berres, Guimarei..., chegando ata Codeseda), a partires da cal sairán as conexións auxiliares, pero a día de hoxe Telefónica non ten orzamento suficiente para efectuar estes traballos. Informa o Sr. Alcalde que o vindeiro martes terá unha reunión cos responsables de Telefónica para saber que parroquias e vivendas do casco urbano poderán solicitar a conexión á fibra óptica, trasladándolle a posibilidade de que nunha segunda fase estendan o servizo a outras parroquias do noso concello, pero di que hai que ser conscientes de que se trata dunha empresa privada e estes traballos supoñen unha inversión moi elevada, e non se lle pode ir con esixencias, pero, dentro do que cabe, considera que podemos ter unha cobertura de fibra óptica moi superior a calquera concello das nosas características en Galicia. Finalmente, quere recoñecer a labor importante que está a facer Telefónica no noso concello.

#### **NESTE MOMENTO ABANDONA Á SESIÓN A CONCELLEIRA DÑA. M<sup>a</sup> ANGELES PAIS CARBIA.**

Inicia o seu turno o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, quen comeza pregando que sexa reparado o firme da rúa da Cultura, sobre todo á altura da rotonda da Carballeira, esquina co Instituto Losada Diéguez.

En segundo lugar, xunto ao Instituto García Barros, hai gravilla solta que é un perigo para os condutores.

En terceiro lugar, insiste nun rogo feito fai uns meses sobre a necesidade de solucionar un problema existente nunha cuneta do camiño Maceiró- Ramirás, xa que está tapada.

A continuación formula as seguintes preguntas: Primeiramente, se o Concello ten programada a solución aos problemas de traída de auga do lugar de Vilareal, parroquia de Tabeirós, xa que os veciños quíxanse de que non teñen abastecemento.

A esta pregunta contesta o **Sr. Alcalde** que non é competencia municipal



solucionar ese problema, o que si foi acordado cos veciños de Tabeirós e Nigoi é a redacción dun proxecto para dotar de abastecemento público de auga a toda a parroquia, pero non en concreto a ese lugar, porque moitos lugares teñen problemas de auga con motivo da seca que se está a sufrir ao estar secando os mananciais e as fontes, así que este goberno propuxo conectalos á rede de abastecemento municipal (traída da auga do Umia); este proxecto cun importe de 420.000,00 € está redactado e enviado a Augas de Galicia, lembrando que todo ten uns trámites.

O **Sr. Magariños** lembra que estamos ante unha alerta de sequía importante, de feito o goberno de Galicia vai a declarala neste días, polo que pregunta se o noso grupo de goberno ten algún plan de continxencia para garantir o subministro de auga.

Resposta o **Sr. Alcalde** que A Estrada non está aínda na zona de alerta, xa que temos a vantaxe de que a captación do río Umia non está dando grandes problemas, a pesares do que seu nivel é baixo, ademais temos en pleno funcionamento o bombeo de Liñares; pero, en caso de que a seca sega así, haberá que redactar ese plan de continxencia, sen embargo, a curto prazo non se contempla.

Pide novamente a palabra a **Sra. Belén Louzao** pedindo información sobre a promesa do grupo de goberno, feita fai tempo, sobre a busca de novas captacións en Codeseda, xa que se trata dunha traída municipal que, ano tras ano, en tempo de seca provoca problemas de abastecemento, e os veciños aínda non teñen resposta.

O **Sr. Alcalde** responde que se ten feito un estudo de campo por parte dos técnicos municipais co gallo de buscar alternativas que poidan chegar ao depósito actual, pero no tema de Codeseda aínda non hai unha solución definitiva para resolver ese problema por mor de tratarse dun tema moi complexo.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente (dentro do Regulamento de Participación Cidadán) , levántase a sesión ás vinte e unha horas cincuenta e dous minutos.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233